



## **BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO DINAMIZADOR/A CULTURAL**

**CONCELLO DE BARBADÁS**

**DUN/DUNHA TÉCNICO**

### **1.-CONVOCATORIA**

Estas bases teñen por obxecto, a contratación temporal polo sistema de concurso-oposición, dun ou dunha dinamizador/a cultural para o Concello de Barbadás durante ano 2018, en tanto non se cubra regulamentariamente a praza.

### **2.- DURACIÓN DO CONTRATO**

a) O contrato iniciarase cando se remate o proceso selectivo, e finalizará o 31 de decembro do ano 2018. O contrato será a tempo total cunha xornada de 37,5 horas de traballo semanal.

Deste xeito a relación rexerá pola lexislación laboral e o contrato que se lle realizará a persoa seleccionada é de obra ou servizo determinado, e redactarase ao abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores/as en materia de contratos de duración determinada.

Para afrontar o presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presuposto de Gastos.

b) As funcións do posto de traballo e que deberá realizar a persoa seleccionada serán, entre outras, as seguintes:

- Diseñar a planificación, seguimento e avaliación de programas en materia cultural
- Diseñar e impulsar medidas específicas de dinamización das bibliotecas
- Elaborar propostas para a normalización lingüística do concello.
- Optimizar, de xeito transversal, os recursos culturais do Concello
- Realizar propostas de dinamización cultural nos distintos núcleos do Concello.
- Diseñar traballos de campo e de recollida de datos para a avaliación da situación municipal en materia de cultura
- Realizar labores de presentación, difusión e organización de eventos culturais (publicidade, redes, páxina web, prensa, cartelaria...)
- Desenvolver relacións con outras organizacións, asociacións, centros educativos, agrupacións culturais...para as funcións encomendadas.
- Dinamizar os movementos e iniciativas populares en relación ao ámbito cultural .
- Cando as necesidades do servizo o demanden, colaborar na preparación de actividades, montaxe de exposicións e montaxe de calquera proposta cultural ou





## CONCELLO DE BARBADÁS

acto que se achegue ao concello así como na súa posta en escena ate o peche das instalacións ou do espazo reservado para tal fin

- Inventariar os bens etnográficos e patrimoniais do concello de Barbadás e facer propostas de actuación para a súa conservación.
- Recuperar o patrimonio inmaterial e facer propostas para a súa difusión entre a poboación
- Recopilar, clasificar e custodiar os arquivos relacionados coas súas funcións no seu posto de traballo.
- Colaborar coa concellaría de Igualdade na promoción de políticas culturais que fomenten a igualdade entre homes e mulleres e a visibilización cultural das mulleres no eido da creación cultural.
- Colaborar coa concellaría de mocidade na promoción de políticas culturais que fomenten a participación e promoción da mocidade no eido cultural.
- Calquera outra función que se lle encomende en relación ás súas funcións ou ao seu posto de traballo desde a concellaría de Cultura ou cando así o requira o servizo a prestar.

c) Debido ás características e horarios propios das actividades culturais estas funcións desenvolveranse en horario e xornada de mañá e tarde de luns a domingo, garantindo en todo caso os dereitos legalmente establecidos en relación coa xornada e cos descansos semanais obrigatorios.

### 3.- RETRIBUCIÓN.S.

Ao persoal temporal corresponderanlle as retribucións íntegras do posto de traballo para o que se contrata, de conformidade coa Relación de Postos de Traballo en vigor, ou o salario equivalente no caso de que dito posto non estivera contemplado na RPT.

### 4.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:

a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os/as estranxeiros/as que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os seus descendentes e os do seu/súa cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito,-menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola





## CONCELLO DE BARBADÁS

Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros e estranxeiras que se atopen vivindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de Dereitos e Liberdades dos estranxeiros/as en España.

b) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: **Grao ou titulación superior en Historia, Historia da Arte ou calquera grao da familia de Arte e Humanidades**, , Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarase, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite de forma fiel a súa homologación.

d) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado ou afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: Non ter sido separado ou separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou inhabilitada nin en situación equivalente, nin ter sido sometido ou sometida a situación disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

### 5.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As persoas interesadas deberán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello até as 14:00 horas do sétimo día hábil seguinte ao da publicación do correspondente anuncio nun dos diarios de maior circulación, , na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, achegando a seguinte documentación:

- A titulación esixida para participar no concurso
- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou da tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública.
- Relación de méritos que alega e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.
- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares ás do posto ofertado para determinar a experiencia.
- Vida Laboral

### **6.- ADMISIÓN DOS/DAS ASPIRANTES**

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía , como responsable de persoal, ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que será exposta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Barbadás.

Os/as aspirantes excluídos/as e omitidos/as disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión.

O feito de figurar na lista de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos e ás interesadas os requisitos esixidos no procedemento. Cando da documentación que debe presentarse, tras a superación do proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación neste procedemento.

### **7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal constituirase unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes. O tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, que serán designados pola Alcaldía.

A composición dos tribunais axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ao previsto no Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei de Emprego público de Galiza 2/ 2015 do 29 de abril.

Poderán, a iniciativa de cada central sindical, estar presentes no tribunal durante a totalidade do proceso selectivo, en calidade de observadores/as

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes indistintamente sendo sempre necesaria a presenza





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

do/da presidente/a e secretario/a. En ausencia do ou da presidente/a, este/a será substituído/a polo ou pola vogal de maior idade.

A súa actuación axustarase ás bases da presente convocatoria e resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, as dúbidas e propostas que poidan xurdir durante súa aplicación, así como as cuestións que se susciten durante a proba, adoptando as medidas necesarias para garantir a orde nas mesmas.

### **8.- PROCESO SELECTIVO**

Efectuarase polo procedemento de concurso-oposición que se detalla a continuación:

#### **a) FASE DE CONCURSO.**

Esta fase será previa a da oposición e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superalas probas da fase de oposición. Nesta fase estimaranse os seguintes extremos que deberán ser xustificadas previamente polos aspirantes mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas que deberán acompañar a instancia para participar no procedemento selectivo.

#### **A1- EXPERIENCIA PROFESIONAL**

a) Por ter desempeñado idéntico ou similar posto de traballo:

- Por cada mes de servizos prestados nas administracións públicas: 0,125 puntos/mes ata un máximo de 3,75 puntos
- Por cada mes de servizos prestados no sector privado: 0,125 puntos/mes ata un máximo de 3,75 puntos

A experiencia profesional acreditarase mediante un informe da vida laboral acompañada dos contratos correspondentes, e certificados de empresa.

A puntuación total neste apartado non poderá superar o 7,5 puntos.

#### **A2- CURSOS DE FORMACIÓN OU PERFECCIONAMENTO.**

Se valorarán os cursos sobre materias relacionadas co posto de traballo ofertado e a formación en igualdade

a) Xornadas, Diplomas ou asistencia a congresos: 0,10 puntos





## CONCELLO DE BARBADÁS

- b) cursos de duración entre 10 y 15 horas: 0,50 puntos
- c) cursos de duración entre 16 y 30 horas: 1,00 puntos
- d) cursos de duración entre 31 y 45 horas: 1,25 puntos
- e) cursos de duración entre 46 y 100 horas: 1,75 puntos
- f) cursos de máis de 100 horas: 2 puntos
- g) formación en igualdade (mínimo 30 horas): 0,25 puntos.

So se terán en conta os cursos impartidos por entidades de carácter oficial. A puntuación máxima deste apartado non poderá exceder de 5 puntos.

### A3- TITULACIÓN ACADEMICA

Por titulación de pos grao ou máster relacionados co contido e funcións do posto de traballo

- Por másters oficiais, 1,5 puntos
- Por estudos de posgrao 1,5 puntos
- Doutorados: 1,5 puntos

A puntuación total neste apartado non poderá exceder os 3 puntos.

### A4- CELGAS

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computarase unicamente o grao superior alegado:

- a) Curso de iniciación ou CELGA1: 0,10 puntos
- b) Curso de perfeccionamento ou CELGA 2: 0,20 puntos
- c) Curso básico ou CELGA 3: 0,30 puntos
- d) curso medio ou CELGA 4: 0,40 puntos
- e) Diploma de tradutor/a de linguaxe administrativa ou CELGA 5: 0,50 puntos.

A puntuación máxima deste apartado non podera exceder de 0,50 puntos.





## CONCELLO DE BARBADÁS

So se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

### **b) FASE SEGUNDA (Oposición)**

Consistirá na elaboración dun proxecto presentando as accións e actividades a realizar para a execución do programa de dinamización cultural do concello de Barbadás durante o ano 2018. Para a súa redacción contarán cun tempo de dúas horas.

Neste proxecto poñerase de manifesto o coñecemento do concello, aptitudes e capacidade para o posto a desempeñar. Valorarase a diagnose da situación, a capacidade organizativa no achegamento, a formulación de propostas e a flexibilidade na intervención.

O proxecto estará escrito a man sen límite de folios e valorarase a presentación do proxecto e a corrección lingüística do mesmo.

Para realizar este proxecto os e as aspirantes serán citados/as con 48 horas de antelación para presentarse no lugar, data e hora correspondente.

Esta fase será cualificada con APTO/A ou NON APTO/A e terá carácter eliminatorio.

### **9.- VALORACIÓN DE MÉRITOS, CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN**

**Cualificación da primeira fase ( concurso):** Nesta fase sumarase a baremación da experiencia profesional e dos méritos alegados polas persoas que figuren incluídas no proceso e segundo consta no artigo anterior.

**Cualificación da segunda fase (proxecto):** O exercicio da segunda fase é obrigatorio e ten carácter eliminatorio para a totalidade das e dos aspirantes. Será cualificado como APTO ou NON APTO. Os/as aspirantes cualificados como non aptos serán eliminados/as do proceso.

No caso dos e das aspirantes cualificados/as como apto/a ,a determinación da cualificación adoptarase sumando as puntuacións outorgadas na fase de concurso.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

**Cualificación definitiva:** A cualificación definitiva será a adición das puntuacións obtidas na fase de concurso polos e polas aspirantes que recibiran a cualificación de APTOS/AS na fase de oposición .Deste xeito quedará determinada a orde da clasificación definitiva.

En caso de empate, o Tribunal seleccionará ao ou á aspirante que obtivera maior puntuación no proceso. De persistir o empate a orde será seguindo a orde do baremo establecido nas bases.

Se aínda así persistira o empate, pola letra vixente no resultado do sorteo que é establecido pola Comunidade Autónoma , a efectos de procesos selectivos.

Unha vez rematado o proceso, publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web por un prazo de **3 días hábiles** durante o cal os e as interesadas poderán alegar contra dita baremación e/ou achegar documentación se fose considerada insuficiente, sin que se poidan alegar méritos a maiores dos acreditados ao remate do prazo de solicitude.

Transcorrido este prazo, o tribunal cualificador, elevará a definitiva a baremación e formulará proposta da persoa seleccionada para a súa contratación a aquela que obtivese unha maior puntuación.

### **10.- BOLSA DE TRABALLO**

Os e as aspirantes que non obtiveron a puntuación necesaria para ser seleccionados/as, formarán parte dunha bolsa de traballo para cubrir o posto do ou da traballadora en caso necesario e que estarán en vigor ata a entrada en vigor da bolsa de emprego do Concello de Barbadás.

A non presentación no posto de traballo o día e hora indicadas para o comezo da relación laboral, entenderase como renuncia ao posto de traballo, agás por causas debidamente xustificadas. Neste caso acudiríase tamén á lista antes mencionada.

Acudirase tamén á lista cando, iniciada a relación laboral, a persoa contratada deixase de prestar servizos por non superar o período de proba ou cese definitivo ou temporal no desempeño das funcións do emprego que se oferta.

### **11.- PERIODO DE PROBA**







## **CONCELLO DE BARBADÁS**

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal, o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente un período de proba, de conformidade co establecido no artigo 14 do vixente R.D. Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores/as.

### **12.- CONTRATACIÓN**

Rematado o proceso de selección e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o Alcalde no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de persoal, subscribirá o correspondente contrato laboral coa persoa que o tribunal indique que superou o proceso de selección, que pasará a ter condición de persoal laboral deste concello

O acordo definitivo de contratación da Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web para coñecemento público dos e das aspirantes, que poderán interpoñer contra este os recursos previstos na lexislación vixente.

Até a formalización do contrato a persoa aspirante non terá dereito a ningunha percepción económica.

A persoa seleccionada deberá achegar con carácter obrigatorio, previo á súa contratación, informe médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a incapacite para o exercicio das tarefas propias deste posto de traballo.

### **13.- PROTECCIÓN DE DATOS**

O presente proceso selectivo está rexido polo principio de publicidade polo que a participación no mesmo supón a aceptación por parte das persoas aspirantes do tratamento dos seus datos de carácter persoal que nos faciliten na súa solicitude, para as publicacións nos boletíns oficiais, taboleiros de anuncios, páxinas web e outros medios de difusión de resultados provisionais e definitivos do proceso selectivo.

En todo caso, a subscripción da solicitude implica que a persoa solicitante resulta informada e dá o seu consentimento ao tratamento dos seus datos para a finalidade mencionada.

Barbadás, xaneiro de 2018

O Alcalde

